



# REUNIÓN DELEGADOS/AS

LUNS 21 OUTUBRO  
FESTA DO OUTONO 2013

## ***INFORMACIÓN A TER EN CONTA PARA TRASLADAR ÁS CLASES:***

XERAL: Unha vez pasada lista e que o alumnado baixe ao patio, NON se poderá subir ás clases ata o remate da festa. O patio e as dependencias deberán quedar limpas.

Cómpre atender á megafonía e seguir as indicacións para organizarnos ben no patio.

Haberá premios para cada xogo/actividade que se irán entregando ao remate de cada actividade.

- **Castañas:** Xa pola mañá, cada alumno/a debe traer unhas poucas (xa picadas) e depositalas na cesta da entrada.
- **Disfraces de Samaín:** Animádevos a vir con disfraz. Como é pola tarde, pódese vir disfrazado da casa. Os que precisen disfrazarse no centro poderán facelo nos vestiarios.
- **Exposición de cabazos:** O/a/s participantes deberán traer na mañá do luns o cabazo xa elaborado na casa cun cartel que poña o nome/s por participantes e o/s cursos. Deixaranno na conserxaría do IES para ser colocado.
- **Concurso elaboración de cabazos por grupos:** Teredes media hora para elaborar o cabazo máis orixinal, creativo... Para participar deberedes inscribivos e cómpre que (pola tarde) traíades o cabazo e o materiais que precisaredes. Os grupos non serán de máis de 4 persoas.
- **Xogo da Ra:** O/as representantes serán os/as delegada/os.
- **Competición trompos e bólas:** As persoas que saiban xogar e queiran participar deberán inscribirse. Para participar cómpre traer o trompo ou bólas.
- **Xogo do pano:** Cada grupo deberá seleccionar a dúas persoas (unha de cada sexo) para participar e representar ao grupo. Deberedes anotarvos na grella que haberá na entrada.
- **Xogo da corda:** Participarase por aulas e xogarán todos/as o/as alumno/as do grupo que queiran.
- **Carreira por parellas:** Poden participar todas as parellas que queiran para o que deberán traer o pano co que atarse as pernas para poder correr.